

FOTOGRAFÍA FAMILIAR E MEMORIA

TALLER DE ARTISTA MAR CALDAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

3, 4, 24, 25 e 26 de febreiro de 2025

Horario: 16:30 a 20:30 h

DIRECCIÓN: Mar Caldas

COORDINACIÓN: Gema Baños



A fotografía de alguén a quen nos une un vínculo afectivo sempre vai demandarnos unha pregunta... ou varias.

Neste obradoiro traballaremos coas fotografías familiares, observándoas con atención, recuperando o seu contexto, escrutando os detalles, fixándonos tanto no que está coma no que non está. Miraremos con lupa alén da imaxe, explorando o reverso, as marxes, reparando nas engurras, nas dobraduras, nas marcas ou nas inscricións. Buscaremos nas fotografías revelacións, historias non contadas, segredos familiares, retallos de lembranzas. Buscaremos respostas a esas preguntas recorrendo á nosa memoria ou á memoria dos nosos familiares e, se cadra, tamén procurando información en rexistros documentais. Completaremos os ocos da memoria con imaxinación, con creatividade, formulando hipóteses, poñéndonos no lugar da persoa fotografada. Elaboraremos textos que acompañen as imaxes, describíndoas, traducíndoas, facéndoas falar, completando o que nelas está silenciado, restituíndolles vida.

A percepción das nosas fotografías familiares cambia ao longo do tempo. Con estes achados afectivos, con estas microhistorias de cidadás e cidadáns comúns elaboraremos memoriais cun destino público. Instalaremos as imaxes-textos resultantes no parque de Bonaval, cubrindo os nichos do antigo cemiterio. A intervención neste lugar cambiará a función das imaxes: ao saír da súa contorna, á función de memorial privado que a fotografía cumpría no ámbito familiar superporase outra función, conmemorativa, social e pode que tamén política. O marco deste monumental cemiterio dotará de solemnidade as imaxes e as historias relatadas e amplificará o potencial das fotografías familiares despertando sentimentos de identificación e empatía nas persoas que as contemplan.

MAR CALDAS (Vigo, 1964) recibiu bolsas de creación artística como Novos Valores (Deputación de Pontevedra, 1992), VI Fotobienal (Concello de Vigo, 1993), Pilar Juncosa i Sotherby (Fundació Miró de Mallorca, 1996), Unión Fenosa (A Coruña,

La fotografía de alguien con quien nos une un vínculo afectivo siempre nos va a demandar una pregunta... o varias.

En este taller trabajaremos con las fotografías familiares, observándolas con atención, recuperando su contexto, escrutando los detalles, fijándonos tanto en lo que está como en lo que no está. Miraremos con lupa más allá de la imagen, explorando el reverso, los márgenes, fijándonos en las arrugas, las dobleces, las marcas o las inscripciones. Buscaremos en las fotografías revelaciones, historias no contadas, secretos familiares, retazos de recuerdos. Buscaremos respuestas a esas preguntas recurriendo a nuestra memoria o a la memoria de nuestros familiares y puede que también rastreando información en registros documentales. Completaremos los huecos de la memoria con imaginación, con creatividad, formulando hipótesis, poniéndonos en el lugar de la persona fotografiada. Elaboraremos textos que acompañen a las imágenes, describiéndolas, traducíéndolas, haciéndolas hablar, completando lo que en ellas está silenciado, restituyéndoles vida.

La percepción de nuestras fotografías familiares cambia a lo largo del tiempo. Con estos hallazgos afectivos, con estas microhistorias de ciudadanas y ciudadanos comunes elaboraremos memoriales con un destino público. Instalaremos las imágenes-textos resultantes en el parque de Bonaval, cubriendo los nichos del antiguo cementerio. La intervención en este lugar cambiará la función de las imágenes: al salir de su entorno, a la función de memorial personal que la fotografía cumplía en el ámbito familiar se superpondrá otra función, conmemorativa, social y puede que también política. El marco de este monumental cementerio dotará de solemnidad a las imágenes y las historias relatadas y amplificará el potencial de las fotografías familiares despertando sentimientos de identificación y empatía en las personas que las contemplan.

MAR CALDAS (Vigo, 1964) ha recibido bolsas de creación artística como Nuevos Valores (Diputación de Pontevedra, 1992), VI Fotobienal (Ayuntamiento de Vigo, 1993), Pilar Juncosa i Sotherby (Fundació Miró de Mallorca, 1996), Unión

1999) e Fundación Arte y Derecho (Madrid, 2000). A súa obra formou parte de exposicións de xénero e de revisión de prácticas feministas como *A arte inexistente. As artistas galegas do século XX* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1995), *Marxes e mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2008), *Genealogías feministas en el arte español, 1960-2010* (MUSAC, León, 2012), *Alén dos xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia* (MARCO, Vigo, e Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2017), *Women in Work. Mujer, arte y trabajo en la globalización* (UPV, Valencia, e UJI, Castellón, 2017) e *Coidados, vulnerabilidades e dependencias. Olladas desde os feminismos* (Rede Museística de Lugo, 2022).

Fenosa (A Coruña, 1999) y Fundación Arte y Derecho (Madrid, 2000). Su obra ha formado parte de exposiciones de género y de revisión de prácticas feministas como *A arte inexistente. As artistas galegas do século XX* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1995), *Marxes e mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2008), *Genealogías feministas en el arte español, 1960-2010* (MUSAC, León, 2012), *Alén dos xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia* (MARCO, Vigo, y Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2017), *Women in Work. Mujer, arte y trabajo en la globalización* (UPV, Valencia, y UJI, Castellón, 2017) y *Coidados, vulnerabilidades e dependencias. Olladas desde os feminismos* (Rede Museística de Lugo, 2022).

MATERIAL: O CGAC proporcionará o material necesario para o desenvolvemento da actividade. Con todo, é recomendable que aquelas persoas asistentes ao taller que dispoñan dun ordenador portátil equipado con *software* de procesamento de imaxe (Photoshop ou similar) o traian da casa.

PERSOAS DESTINATARIAS: O taller está dirixido a artistas, a estudantes de Belas Artes e disciplinas afíns, ao profesorado de Educación Artística e, en xeral, a calquera persoa adulta interesada na arte contemporánea.

PRAZAS: 15

MATRÍCULA: 20 €

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición para participar no taller estará aberto do 20 de decembro de 2024 ao 22 de xaneiro de 2025. As persoas interesadas poderán inscribirse enviando a cgac.pedagogia@xunta.gal unha mensaxe electrónica cos seguintes datos: nome e apelidos, DNI, área de traballo ou interese, enderezo electrónico e teléfono de contacto. Ademais, as solicitudes deberán ir acompañadas dun escrito de motivación e dun breve currículo da persoa aspirante.

Unha vez aceptada a solicitude, as persoas rexistradas recibirán as indicacións precisas para faceren efectiva a matrícula.

CERTIFICACIÓN: O CGAC entregará un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

MATERIAL: El CGAC proporcionará el material necesario para el desarrollo de la actividad. No obstante, es recomendable que aquellas personas asistentes al taller que dispongan de un ordenador portátil equipado con *software* de procesamiento de imagen (Photoshop o similar) lo traigan de casa.

PERSONAS DESTINATARIAS: El taller está dirigido a artistas, a estudiantes de Bellas Artes y disciplinas afines, al profesorado de Educación Artística y, en general, la cualquier persona adulta interesada en el arte contemporáneo.

PLAZAS: 15

MATRÍCULA: 20 €

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción para participar en el taller estará abierto del 20 de diciembre de 2024 al 22 de enero de 2025. Las personas interesadas podrán inscribirse enviando a cgac.pedagogia@xunta.gal un mensaje electrónico con los siguientes datos: nombre y apellidos, DNI, área de trabajo o interés, correo electrónico y teléfono de contacto. Además, las solicitudes deberán ir acompañadas de un escrito de motivación y un breve currículo de la persona aspirante.

Una vez aceptada la solicitud, las personas registradas recibirán las indicaciones oportunas para hacer efectiva la matrícula.

CERTIFICACIÓN: El CGAC entregará un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.